

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Xeografía mítica

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Fonte dos Caxigos*

A Fonte dos Caxigos está na parroquia de As Goás, concello de Abadín (Lugo).

»O Benjamín veu por alí abaixo, non sei a que viña, e chegou alí e sinteu unha orquesta tocando debaixo, alí no ribeiro mesmo.

□ ¡Unha orquesta tocando! □ dixo □; carai, ¿e esto que é?

Pero estivo escoitando, escoitando e..., era debaixo, e dixo:

□ ¡Oh, cómame o demo! ¡E esto!

Pero, neste, a música parou de tocar e, así que parou, disque saleu un bicho, dixo, un bicho pequeno, pouco máis que un gato ou así, e saleu cara pa el. E el, carallo, agarrou tal medo ¡pies que te quero!, por aló arriba outra vez, que ben sabes que era costa arriba. E entonces foi un pedaciño correndo o bicho tras del pero, en vista que o bicho non podía colle-lo Benjamín, que o Benjamín, pies que te quero, dixo [o encanto]:

□ Bueno, home, é que eu estaba encantado aquí e tu podíasme desencantar □ dixo. Se esperaras e falaras connigo podíasme desencantar pero así...

E o outro [o Benjamín], nada, nin encanto, nin Dios».

## **BIBLIOGRAFÍA**

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcripción da versión oral de ANSELMO CANTO (80 anos), As Goás. 2 de novembro de 1992.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004